

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Juan Manuel Fajardo Recouso**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (AGE)**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

Os profesionais do sector do mar que operan no Porto de Cabo de Cruz, levan anos demandando a instalación de equipamentos que lles permitan utilizar os recursos do seu porto en condicións de igualdade co resto de traballadores do sector de Galicia.

Ademais neste porto tense investido unha importante cantidade de cartos públicos, pero que non redundaron nas instalacións necesarias para os profesionais do mar, senón para os usuarios da náutica deportiva, polo que este colectivo ten iniciado un proceso público para demandar a instalación de pantaláns de uso para os profesionais do marisqueo, a pesca e o mexillón.

Por todo isto, **Alternativa Galega de Esquerda**, formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en **Comisión**:

1.<sup>a</sup>) Cando ten previsto o Goberno galego instalar os servizos e pantaláns solicitados polos profesionais do mar no porto de Cabo de Cruz?



2.ª) Que opinión lle merece o Goberno galego a situación de abandono deste porto para o seu uso por parte dos profesionais do mar?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2015.

Asdo.: Juan Manuel Fajardo Recouso

Deputado do G.P. da AGE.

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 25/03/2015 13:26:31**